

Nin nos farán crer, nin nos farán calar

O que se prometía como a **solución aos problemas da clase traballadora** non supuxo máis que **un novo e enorme fracaso**; a nova reforma supón a definitiva lexitimación e consagración, por parte do autoproclamado goberno máis progresista da historia, daqueles aspectos máis lesivos que xa se avanzaron nas reformas laborais de 2010 (goberno Zapatero) e de 2012 (goberno Rajoy).

Entre outras cuestións, **mantéñense os mecanismos que facilitaban os despedimentos** (non se recuperan indemnizacións nin os salarios de tramitación), quedan as razóns intanxibles das previsións económicas (perdas previstas ou futuras) para poder levar a cabo despedimentos colectivos, ou a **non intervención da autoridade laboral nos ERE**.

Dos convenios de empresa, **unicamente garátese a igualdade salarial**, pero non o demais. E en materia de subcontratación, vai haber que loitala nos xulgados sen dúbida, xa que non se dá unha solución clara a **quen realiza igual traballo pero non reciben igual salario**.

Mentres tanto, o custo da vida segue encarecéndose a toda velocidade, sen que as rendas da clase traballadora crezan ao mesmo ritmo. Nuns casos, **coa complicidade activa dos sindicatos maioritarios**. Noutros, por culpa dunha estudada pasividade por parte de quen goberna. Bens de primeira necesidade alcanzan o seu prezo récord un mes tras outro. **Nin os salarios nin as rendas básicas teñen unha actualización que se equipare ao encarecemento do custo da vida**. En todas as fronteas podemos observar o mesmo: pensións que non se revalorizan, convenios que quedan conxelados...

Agora, ademais, cando apenas empezamos a pagar as consecuencias da crise do Covid 19, avenciñanse as da guerra de Ucraína. **O sistema capitalista xa puxo a funcionar a súa maquinaria para que de novo sexamos as traballadoras e traballadores quen asuma os sacrificios** e vano a facer como sempre, **coa complicidade dos sindicatos maioritarios**, que sen dúbida nos van a vender unha vez máis, como xa o fixeron coas reformas laborais, co chamado Pacto de Rendas.

Á CGT nin a farán crer nin a farán calar, por máis operacións propagandísticas que leven a cabo **quen prometía asaltar os ceos**. As conquistas sociais **conséguese na rúa e non nas urnas**. As verdadeiras conquistas sociais, as que supoñen unha verdadeira transformación, xamais xurdiron dun pacto entre oligarquías.

Os dereitos conquístanse loitando